

Mostra de Teatro Infantil de Nadal 09

Do 26 ao 30 de decembro 09

Dossier de prensa



CENTRO DRAMÁTICO GALEGO
temporada 2009-2010

Mostra
de Teatro
Infantil
de Nadal
09

Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 111
centro.dramatico.galego@xunta.es

www.centrodramatico.org

Comunicación. AGADIC
Rúa da Vesada, s/n. San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 577 126 / 128 (ext. 105 e 116)
prensa.agadic@xunta.es

www.agadic.info

ÍNDICE

Teatro

Mostra de Teatro Infantil de Nadal

Salón Teatro, do 26 ao 30 de decembro ás 19.00 horas (agás o martes 29)

Sábado 26

Violeta Coletas contra as Salchichas Gulp!, de TROMPICALLO TEATRO

Domingo 27

Os Bolechas, de CARAMUXO TEATRO

Luns 28

Flexelf, de ÀNGELS MARGARIT / CÍA. MUDANCES

Martes 29

Mãos Grandes, de TEATRO DE MONTEMURO

(Dúas funcións: ás 18.00 e ás 19.30 horas)

Mércores 30

El Sable y la Paloma, de A PRIORI PRODUCCIONES

PRESENTACIÓN

O Salón Teatro de Santiago despide a súa programación de 2009 coa xa tradicional **Mostra de Teatro Infantil de Nadal**, unha iniciativa que vén celebrándose desde o ano 2000 sempre nas mesmas datas, do 26 ao 30 de decembro.

Organizado polo Centro Dramático Galego (CDG), o festival inclúe cinco espectáculos que amosan a variedade de estilos, técnicas e formatos dos que se serve o teatro especialmente destinado aos nenos e nenas. Nesta ocasión participarán no ciclo os grupos galegos Trompicallo e Caramuxo, o colectivo de danza catalá Àngels Margarit / Cia. Mudances, o portugués Teatro de Montemuro e a compañía A Priori Producciones, procedente de Guadalajara.

Violeta Coletas contra as Salchichas Gulp!

Data: 26 de decembro ás 19:00 horas

Os Bolechas

Data: 27 de decembro ás 19:00 horas

Flexelf

Data: 28 de decembro ás 19:00 horas

Mãos Grandes

Data: 29 de decembro ás 18:00 e ás 19:30 horas

El Sable y la Paloma

Data: 30 de decembro ás 19:00 horas

Sábado 26

**Violeta Coletas contra as Salchichas Gulp!,
de TROPICALLO TEATRO**

Autoría: Trompicallo Teatro

Dirección: Marián González

Deseños artísticos: Quique Bordell

Titiriteiros: Sabela Amado e Luis González

Duración: 50 min

Público: infantil. A partir de 4 anos



A Violeta non lle gusta estudar, a Violeta gústalle ver a tele.

A Violeta non lle gustan as acelgas, a Violeta gústanlle as salchichas.

A Violeta non lle gusta Sarita, a Violeta gústalle Miguel.

A Violeta non lle gusta que a súa nai lle dea ordes, a Violeta gústalle escoller.

A Violeta non lle gusta que o seu pai a trate como a unha nena, Violeta quere crecer.

A Violeta non lle gusta o seu irmán... aínda que un extraordinario suceso fará que cambie de opinión.

Trompicallo Teatro abre esta programación con *Violeta Coletas contra as Salchichas Gulp!*, unha montaxe de monicreques de xénero eminentemente cómico e para toda a familia. A última produción da compañía, unha das máis consolidadas no panorama dos títeres en Galicia, preséntanos a unha nena que quere crecer porque non lle gusta que lle digan o que ten que facer. Diferentes técnicas de manipulación de bonecos mestúranse para acadar un espectáculo dinámico e divertido no que Violeta terá que recuperar o seu irmán a través dunha viaxe fantástica.

Domingo 27

Os Bolechas,
de CARAMUXO TEATRO

Autoría: Juan Rodríguez, Laura Sarasola e Pepe Carreiro

Dirección: Juan Rodríguez e Laura Sarasola

Escenografía: Caramuxo Teatro

Son: Alma Sarasola

Iluminación: Carlos Clemente

Elenco: Xose Esperante, Juan Rodríguez e Laura Sarasola

Duración: 50 min

Público: infantil. A partir de 3 anos



Caramuxo Teatro representa *Os Bolechas*, obra baseada nos populares personaxes ideados por Pepe Carreiro, que protagonizan agora unha comedia musical. A través de monicreques assistiremos a un día na vida desta divertida familia, coñeceremos as ocorrencias do pequeno Tatá, as travesuras de Chispa, a Braulio e Sonia, as xemelgas Pili e Loli; e a Carlos, o máis vello dos irmáns.

Luns 28

Flexelf,

de ÀNGELS MARGARIT / CÍA. MUDANCES

Dirección e coreografía: Àngels Margarit

Creación e interpretación: Fàtima Campos, Isabel López, Roser López Espinosa, Joan Palau e Dori Sánchez

Música: Joan Saura

Vestuario: Ariadna Papió

Espazo escénico: Àngels Margarit e Llorenç Corbella

Iluminación: Conrado Parodi

Duración: 55 min

Todos os públicos. A partir de 4 anos



A nova creación de Àngels Margarit / Cía. Mudances é unha proposta para todos os públicos, unha montaxe interdisciplinar que traballa sobre a idea de flexibilidade, elasticidade, reversibilidade, transformación... Corpo, movemento, espazo, luz, vestuario, materiais obxectuais e visuais son os elementos que compoñen un universo inseparable onde a transformación das formas é unha mudanza constante.

O espectáculo nace da palabra "flexelf", que á súa vez nace do movemento dun punto que se converte en liña, se enrosca, se reflicte e se repite. Todo o que hai en *Flexelf* móvese, dóbrase ou engúrrase; cada forma transfórmase e convida a viaxar, a descubrir que non todo é o que parece ou a inventar que parece o que vemos.

Actividade complementaria

Obradoiro infantil de danza. *Inscripción aberta.*

Àngels Margarit, da Cía Mudances, e os seus colaboradores imparten o luns 28 de decembro, de 11:30 a 13:30 horas, no Centro Galego de Arte Contemporánea (Rúa Valle Inclán s/n, Santiago) un obradoiro de danza que, baseado no seu espectáculo *Flexelf*, está dirixido a nenos e nenas de 5 a 11 anos acompañados ou non por adultos. A inscrición realízase chamando ao teléfono do CDG: 981 581 111 de 9:00 a 14:00 horas.

Martes 29

**Mãos Grandes,
de TEATRO DE MONTEMURO**

(Dúas funcións: ás 18.00 e ás 19.30 horas.

Capacidade limitada: 80 persoas)

Autoría: Thérèse Collins

Dirección: Steve Johnstone

Tradución: Paula Teixeira

Dirección musical: Simon Fraser

Sonoplastia: Simon Fraser

Escenografía e figurinos: Maria João Castelo e Ana Limpinho

Elenco: Paulo Duarte e Daniela Vieitas

Duración: 55 min

Público: infantil. Ata os 8 anos



Os portugueses Teatro de Montemuro poñen en escena *Mãos Grandes*, unha peza especialmente concibida para un público menor de 8 anos que conta a vida dun panadeiro que visita a historia do pan desde a antigüidade até a actualidade, explicando como aprendeu a facer o pan tal e como a súa nai lle instruíu. Coloridos personaxes dun palmo e medio de estatura dan vida a un espectáculo divertido, accesible e tamén educativo.

Cada vez máis, a nosa sociedade afástanos de tradicións e costumes que unha vez estiveron moi presentes. O muíño e o forno das aldeas convertéronse en lugares sen vida, sen cor nin emocións. Teatro de Montemuro non tenta revalorizar estes espazos, senón darlles a coñecer aos máis pequenos que o pan non vén dos centros comerciais, que hai todo un proceso que paga a pena coñecer. O uso dos monicreques aproxima os nenos e nenas, estimula a súa curiosidade e atención. As cores e os movementos, espertan a súa creatividade.

Mércores 30

El Sable y la Paloma,
de A PRIORI PRODUCCIONES

Dramaturxia e dirección: Marta Torres

Escenografía e vestuario: Pepe Moreno


Música: Jesús Naranjo

Iluminación: Joseba García

Elenco: Roja Baides e Ángel Ribagorda

Duración: 50 min

Público: infantil. A partir de 5 anos



A compañía de Guadalajara A Priori Producciones é a encargada de pechar a Mostra con *El Sable y la Paloma*, obra estreada co gallo do 50 aniversario da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. No espectáculo, un soldado e unha fada comparten as horas previas a unha batalla. El, un malhumorado capitán, prepárase para se enfrontar a todo un exército. A fada quere concederlle un desexo, pero antes tentará contaxiarlle o seu respecto pola igualdade. As peripecias en que se ven envoltos os personaxes farán desaparecer a posibilidade da batalla?

VENDA DE ENTRADAS

As entradas para asistir aos diferentes espectáculos da Mostra de Teatro Infantil de Nadal póñense á venda no despacho de billetes do Salón Teatro que permanecerá aberto todos os días de función dende dúas horas antes do comezo de cada actuación.

Tamén poden adquirirse na billeteira electrónica a través do teléfono 902 43 44 43 ou da web www.caixagalicia.es. O prezo das localidades é de 6 euros por entrada. Existe un bono-aforro de seis entradas a un prezo de 30 euros, á venda só na billeteira.